

A REVISTA DA
BIBLIOTECA

ABRIL MAIO

XUÑO 2026

Nº 69

ABRACADABRA

POR QUE SOÑAMOS?

PASATEMPOS

E TI, CON QUE SOÑAS?

QUE HAI DE NOVO...



Deputación
DA CORUÑA


BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL



Por que soñamos?



E de súpeto empezaba a flotar no aire e podía moverme coma se estivese nadando, só que, en realidade, estaba a voar!!!! Foi increíble!!!! Ola!!!! Esperade un anaco e fágovos caso... Xa!! Perdoade, é que estaba a apuntar o que soñei esta noite para non esquecerme porque foi xenial. Aínda que... podería cuestionarme a certeza da realidade e a percepción, como o fixo o filósofo taoísta Zhuangzi (ou CHuang Tzu) do século IV a.C., cando, tras soñar con ser unha bolboreta, obxectou: “Desde entón xa non sei se son un home que soñou ser unha bolboreta ou se son unha bolboreta soñando ser un home...” Así que, neste sentido, eu tamén podería cuestionarme se realmente foi un soño ou se a realidade é que podo voar e o meu soño é estar a falar convosco aquí e agora...



Sen dúbida, é unha pregunta interesante, pero creo que antes debería contestar unha cuestión anterior: Por que soñamos? Preguntástesvolos algunha vez? Eu estiven botando unha ollada a algúns libros e esculcando pola rede, e polo que lin, aínda existe debate respecto diso na comunidade científica. Por unha banda, están os que opinan que o soño xoga un papel importante na fixación da memoria. Así, investigacións como a de Stickgold e colaboradores, de 2001, publicada en Nature Neurosciense, demostraron que, en efecto, os soños reforzan a aprendizaxe e a memoria. Doutra banda, están os que, como Matthew Walker ou David Kuhlmann, sosteñen que a súa función é regular as emocións e, así, axudarnos a facer fronte aos retos do día a día. Tamén está a coñecida teoría de Sigmund Freud que suxire que os soños son a expresión directa do inconsciente, un intento do cerebro de cumprir os nosos desexos reprimidos, algo así como unha válvula de escape, tal e como os describiu na súa obra A interpretación dos soños. E, por último, nesta listaxe das miñas pescudas, está a teoría que me pareceu máis chula, a Teoría da Activación Defensiva de David Eagleman, neurocientífico da Universidade de Stanford. Eagleman sostén que o papel principal dos soños é o de protexer a corteza visual do cerebro. Explicome, o cerebro é un órgano moi adaptable, o que que provoca que certas áreas poden asumir novas tarefas cando aquelas están en desuso. Isto coñécese como neuroplasticidade. Desta maneira, a área da corteza visual, que se encarga de procesar a vista, está activa todo o día, pero durante a noite non recibe información. Segundo esta teoría, isto pode provocar que outras áreas, aproveitando a inactividade, tenten facerse co control desa zona, o que repercutiría negativamente no funcionamento da visión. E aí entran en xogo os soños que manteñen activa a corteza visual durante a noite, para que ao espertar, sigamos mantendo a capacidade de interpretar os estímulos visuais. Non é marabilloso como o propio cerebro é capaz de idear recursos para protexerse a si mesmo nas súas distintas funcións?




Ohhhh!!! Que tarde é!!!! Vou recapitular rapidamente antes de irme. Existen diferentes teorías sobre o motivo de por que soñamos, desde a regulación emocional ou a consolidación da memoria ata a protección de áreas do cerebro. Cal é a correcta? Seica, non poderían selo todas? Á fin e ao cabo por que escoller? Estas teorías non son excluíntes. Ademais se o noso cerebro é multifunción, por que non haberían de selo tamén os soños? Desta maneira, todos poderían ser motivos de por que soñamos. Que opinades?

En fin, quedaría horas falando disto, pero teño que marchar. Canto nos queda por saber sobre nós mesmos! Se atopades algo interesante que queirades compartir comigo podedes deixarmo na Sección Xuvenil da Biblioteca e... non deixedes de investigar.

Vémonos no próximo número!!!





PASATEMPOS



Aquí vos deixamos os chistes que fostes contándonos esta tempada:

- Hola, ¿hablo con Miguel?
- Sí, dígame.
- Le llamo por la raqueta de tenis.
- ¡¿En serio?! ¡Pues se le escucha genial!

¿Qué dice una cereza mirándose al espejo?


- Ceré eza?

- ¿Sabes que el aguacate es 50% agua?
- Si. ¿Y el otro 50%?
- Cate.


- ¿Sabes cómo llama un vaquero a sus hijas?
Hiiiiiiiiiiiija.

- Y dice que es experto en arquitectura gótica medieval
- Así es.
- ¿Sabe hacer gárgolas?
- Sí, mire: GRLGRLGRLGRLGRLGRL

- Pues conseguí trabajo como profesor de inglés
- ¿Trabajo estable?
- No, mesa es table, trabajo es work.



E agora, a ver se sodes quen de atopar as 7 diferenzas agochadas neste soño intergaláctico?




Aquí tedes un cerebro labiríntico. Seredes quen de atravesalo sen perdervos en todos os seus recunchos?





E ti, con que soñas?



O lume dos soños. Cibrán Ulloa

Catuxa vese obrigada a abandonar o seu mundo para rescatar as crianzas da escravitude do mundo real e introducilas no mundo liberador da imaxinación. Toda unha alegación a favor do poder dos soños.

Sinatura: N ULL lum / v



Lo de soñar. Naiara Álvarez

"A historia que agora vos contarei, a miña historia, é un pouco estraña, bastante rara. Só a unha nena coma min, unha nena imaxinativa e soñadora, que de calquera cousa, por insignificante que sexa, fai unha aventura,"

Sinatura: N ALV lod / v



Irene, a porteira. Xulia Pixón

Irene foi a primeira rapaza que rompeu barreiras no fútbol ao se converter na porteira e capitá do equipo masculino coruñés. Levou a súa paixón alá dos límites e fixo realidade o seu soño.

Sinatura: C PIS ire / a



Quiero ser escritora. Paola Zannoner

Esta é a historia de Mia, unha nena de trece anos que soña con ser escritora. Para conseguir o seu soño, inspírase no diario que escribiu cando era pequena.

Sinatura: N ZAN qui / a



¿Puedo soñar contigo? Blue Jeans

El club de los incomprensidos, 3

"- Isto é... un atrapasoños? Si. Compreino cando era unha nena. E non me foi mal. Estar contigo é un milagre... E un soño. O meu soño fíxose realidade, AMOR."

Sinatura: N CLU / m



Omnia. Laura Gallego

Só tes que imaxinar... Porque, calquera cousa que imaxines, existe en Omnia.

Omnia, a gran tenda virtual; no seu catálogo atoparás todo o que poidas imaxinar, mesmo obxectos que nin sequera sabías que existían.

Sinatura: N GAL omn / m

Solucións dos pasatempos



Que hai de novo...?

- * **RECUNCHOS NA BIBLIOTECA** con libros, DVDs e materiais adicionais de diferentes temáticas nos que sempre atoparás algunha sorpresa.
- * **PRÉSTAMO DIXITAL.** Se tamén che gusta ler en dixital, agora todos os usuarios a partir de 9 anos podedes darvos de alta na biblioteca dixital EbiblioDaCoruna. É moi sinxelo, consulta na páxina web www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info
- * **BOLETÍNS DE NOVIDADES.** Se che interesa estar ao día coas novidades que nos chegan á biblioteca, podes consultar as novidades, mes a mes, na páxina web.
- * **RESERVAS E RENOVACIÓNS.** Podedes facelas na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.
- * Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA.** Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo biblioteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal e publicarámoslas no próximo número da revista..
- * Lembrámosvos que tamén estamos na rede:



Biblioteca Provincial
da Deputación da Coruña
Sección Infantil e Xuvenil
R/Riego de Agua, 37 – 15001 A Coruña
Tfno: 981 415 171

Depósito Legal: C 4802-2008

